

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº51/ Ano: 2022 / 1º xornal Mes de xuño / Estado de preparación do verán

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



COPA MÖRLING DE DORNAS

-Merecida homenaxe ao Sueco de Ons pola súa contribución ao estudo das embarcacións tradicionais.

-A dorna unha alternativa ao turismo de sol e praia en Ons. **Páx. 1**

RUTAS XACOBEAS MARÍTIMAS

Anos levamos reivindicando dende Pineiróns a Ruta Marítima Xacoba das Illas Cassitérides, seguindo a derrota que levaron os discípulos de Santiago e que en Galicia partiría dende A Garda. Este Xacobeo 2021/22 está a ter unha boa demanda e hai varias organizadas.

É un bo comezo!!!

Páx. 2



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS


Hai amiguismo da Consellería de M. Ambiente con Sanxenxo no asunto das axudas enerxéticas ás casas?

Páx. 2



EXTRACCIÓN DE MEXILLA NAS ILLAS ATLÁNTICAS

Dous estudos de Illas Atlánticas conclúen que a extracción de mexilla empobrece as rochas. **Páx. 3**



Despois de case 30 anos, hai bautizo na igrexa de Ons.

Josecho, o cura de Bueu e Beluso foi o encargado da cerimonia do fillo de Alex e Carla, Unai. **Páx. 5**


MARÍA DO CAÑO

A cantareira, María do Caño (co seu fillo Arturo na foto) estivo en Ons polo bautizo do seu bisneto. **Páx. 4**



Breves

- Ons na Memoria: Chega maquinaria á Illa. **P.3**
- Contos de Taberna: As varillas de Manzanitas. **P.4**
- Centro de visitantes. **P.6**
- Pasarela de baixada a Area dos Cans. **P.6**



LAURO OLMO

O dramaturgo Lauro Olmo que andou por Ons a principios dos 90 s.XX, hoxe cumpriría 100 anos. Na súa terra de nacemento, O Barco de Valdeorras, dedicáronlle unha homenaxe cunha das súas obras de teatro. **Páx. 3**



Cesáreo, preparando o "aparello" para subir a dorna pola praia. **Páx. 4**



COPA MÖRLING DE DORNAS A VELA

Cando cerraba o Onstopus nº 50 saía unha nova que considero extraordinaria como é que a Federación Galega para a Cultura Marítima creara a “Copa Mörling” en: “*Agradecemento ao labor realizado en prol da salvagarda das embarcacións tradicionais galegas polo etnólogo e antropólogo sueco...*”

Importante este recoñecemento cara á persoa que dende Suecia chegou a Galicia para estudar as súas embarcacións tradicionais, recalou e fixo fonda na Illa de Ons e dende alí viaxou por toda a costa galega estudando e investigando as súas típicas embarcacións.

Nesa feiteiceira illa, Ons, coñeceu a dorna polbeira e a vela de relinga, pero tamén coñeceu a unha auniense, Chefa, da que namorou e coa que casou, provocando que a súa relación con Ons e con Galicia durara ata o seu pasamento.

Incriblemente, un antropólogo sueco foi, nos anos sesenta do s.XX, o que estudou profundamente as embarcacións tradicionais de Galicia que quedaron plasmadas nun magnífico libro co título: <As embarcacións tradicionais de Galicia> que, como ben apuntan en Culturmar, é: “*A biblia da navegación tradicional galega*”.



SOBRE A REGATA

Contará con cinco eventos de navegación a vela nas zonas de Portonovo, Cambados, O Grove, A Illa e Combarro, celebrándose nos meses de xullo e agosto de 2022.

Chama a atención que sendo a primeira que se celebra en honra a Mörling, ningunha se leve a cabo en Bueu, onde hai unha asociación “Os Galos” de Embarcacións Tradicionais, que era a poboación onde residiu a familia de Mörling e onde o nomearon Fillo Adoptivo.

Nin tampouco na Illa de Ons, lugar onde realizou unha exhaustiva investigación da dorna polbeira. Polo menos unha pequena regata de exhibición que, a carón do puramente deportivo no que respecta á navegación a vela, tamén serviría para reivindicar esta embarcación, a Dorna, que durante máis de século e medio foi o símbolo da economía mariñeira dos aunienses.

Para saber máis: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/2022/05/22/nace-copa-morling-dornas-vela-recalara-cinco-villas/0003_202205P22C7991.htm
<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/05/24/culturmar-retoma-copa-galicia-dornas-66455175.html>
<https://morrazonoticias.com/o-morling-de-ons-xa-ten-a-sua-copa-de-embarcaciones-tradicionais/>

AS DORNAS, unha alternativa turística para a súa conservación

Xa o tratei na páx. 8 de Onstopus nº 48:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/48/onstopus-48.pdf>

A perda desta embarcación para a pesca é unha realidade que dificilmente vai volver atrás, de aí a dedicación das diferentes asociacións de embarcacións tradicionais das rías baixas para a súa recuperación.

Pero ese rescate non vai ser doado pois require unha dedicación, uns coñecementos de carpintería de ribeira e unhas dotacións económicas. Sobre todo estas últimas cada vez van ser máis complicadas de conseguir dos organismos oficiais se non se lle busca outras actividades que as meramente deportivas para animar ás administracións a dotar de subvencións a estas asociacións para a recuperación destas embarcacións.

Coido que a alternativa turística pode ser unha solución, non vista como unha embarcación de paseo de viaxeiros, tipo góndola, senón como unha embarcación mariñeira na que se poden ensinar, ás persoas interesadas, todo o relacionado coa súa navegación e dedicación pesqueira: Vogar cos seus típicos remos cruzados, manexo e navegación con vela, artes ás que se dedicaba, prácticas ecolóxicas desas artes..., e como non a competición a remo e vela.

Sería unha dedicación lúdico-didáctica que, en Ons, podería estar promovida polo Parque e patrocinada pola consellería de M. Ambiente, Xuventude, Cámping, Hostais, Navieiras..., Casas turísticas, para levar a cabo un Turismo Mariñeiro na Illa, que sería unha alternativa ao sol e á praia..., e que redundaría nun turismo sostible cun impulso etnográfico de coñecementos sobre a historia mariñeira desta engaiolante illa.



Fotos:

- Ons. Vareando unha dorna enmeigada.
- Dorna chegando ao peirao de Ons.

Foto: www.larazon.es/viajes/



RUTA XACOBEO DAS ILLAS CASSITÉRIDES

Como xa veño comentando en Onstopus anteriores, este Xacobeo ten algo especial e que nós viñamos reivindicando dende 1993, que a Ruta Marítima Xacobeo en Galicia comezara en A Garda e chegara ata Pontecesures en barco e, a ser posible, facendo parada nas illas atlánticas.

Este ano organizaron unha ruta que saíndo de Barbate (Cádiz) o día 28 de maio recorrerá o Atlántico portugués e entrará en Galicia pola Garda visitando varios portos esperando que cheguen os nautas a Santiago o 10 de xuño.

Por algo hai que comezar, esperemos que teña continuación.

<https://www.farodevigo.es/arousa/2022/05/29/veinte-barcos-parten-sur-portugal-66648724.html>

La Xunta informa de las ayudas para adquirir o acondicionar viviendas

SANXENXO. La Xunta de Galicia está en plena campaña de información sobre las ayudas destinadas al acondicionamiento de viviendas. El plazo para solicitarlas se abrió el 17 y finalizará el 30 de noviembre. Los propietarios y las comunidades dispondrán de hasta 38.750 euros para renovar fachadas y cubiertas o cambiar equipos de calefacción y agua caliente.

Así lo explicó ayer en Sanxenxo la conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, en uno de los encuentros informativos denominados #ConstruíndoFogar, que se celebrarán

en las comarcas para dar a conocer a los potenciales beneficiarios las subvenciones que se convocarán a lo largo de 2022.

Acompañada por el alcalde, Telmo Martín; el delegado territorial de la Xunta, Luis López, y por más de medio centenar de representantes municipales, empresarios, profesionales de distintas ramas del sector y vecinos, Ángeles Vázquez subrayó la oportunidad que supone la treintena de programas que gestionará este año, dotados con 150 millones de euros.

La responsable autonómica animó a los asistentes a benefi-



El acto informativo se celebró en Sanxenxo. JAVIER CERVERA-MERCADILLO

ciarse y a apoyar a la Xunta en la difusión de estos programas, con la finalidad de garantizar que lleguen al mayor número posible de beneficiarios e incidiendo, sobre todo, en aquellos de especial interés para los nueve municipios que

forman la comarca de O Salnés.

En este apartado, la conselleira se refirió a las ayudas destinadas a los edificios porque recordó que existe un parque de segundas residencias muy numeroso, destinado al sector turístico.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Un lector envíame esta nova de prensa que, segundo comenta, ten que ver co último Onstopus nº 50, onde se fala das axudas da Xunta para rehabilitación enerxética:

"...sigo con interese as noticias que saen en Onstopus e que teñen que ver con esa marabillosa illa de Ons.

En varias ocasións trataches o tema da falta de preocupación tanto dos veciños como da administración para solicitar axudas para a rehabilitación das casas da illa e sobre todo da necesidade de asesoramento por parte dos xestores de Ons (M. Ambiente e Parques), como do propio concello de Bueu.

Volves a tocalo de novo no anterior número 50 (aproveito para darche os meus parabéns por esas vodas de ouro, como dis) e quero enviarche esta nova aparecida na prensa con respecto ao concello de Sanxenxo, onde si, achegáronse tanto a conselleira como o xefe territorial de M. Ambiente que, xunto ao alcalde, presentaron o tema e ata animaron a todos os presentes a solicitar esas axudas.

Nótase o tirón do alcalde de Sanxenxo e o favoritismo da Consellería para os seus.

Noutros tempos o BNG, era máis loitador cos dereitos do pobo, pero tan pronto chegou ao poder, como no caso de Bueu, déixaos abandonados. Así é a política".

Prezado lector, moitas grazas pola túa suxestión que aquí reflicto. Quero deixar a un lado o tema partidista, pero si comparto o amiguismo da Consellería cos alcaldes do seu partido e ata estou seguro que si ese alcalde pide asesoramento para as persoas do seu municipio, teríano ao 100%.

Con respecto á postura de todos os partidos do concello de Bueu no que á problemática de Ons se refire, remítome a aquela famosa frase de: *<corramos un (es)tupido veo>*.



ONS NA MEMORIA

Houbo un intre no que camiñar pola Illa era gozar de pura natureza. Os camiños e corredoiras estaban adaptadas ao paso das persoas e dos carros. Os regos que facían as rodas dos carros de vacas estaban endurecidos e non facía falla arranxalos continuamente aínda que os invernos foran duros.

Pero chegaron as cabezas pensantes e decidiron que eses camiños tiñan que converterse en pistas, e alá mandaron as máquinas que transformaron os sendeiros en autopistas.

AO DRAMATURGO LAURO OLMO

25/05/2022

Lauro Olmo, o 9 de novembro de 2022, cumpriría 100 anos. Naceu en Galicia, concretamente no Barco de Valdeorras aínda que sendo novo os seus pais trasladáronse a Madrid onde viviu toda a súa vida.

Tiven a sorte de coñecelo, xunto á súa dona Pilar Enciso, na Illa de Ons a principios dos 90 s.XX, estaban de visita xunto a unha das sobriñas, Dolores Riobó, do antigo dono da Illa, Didio Riobó.


Ese día establecín conversa con Lola Riobó comendo no Acuña e despois da sobremesa dirixímonos ao Faro onde o fareiro Quique Abati, moi amablemente, fixo de guía por toda a instalación.

Neste Onstopus quero recordar ese día e a amizade que xurdiu posteriormente, debido a que na súa localidade natal homenaxearon ao seu querido veciño coa representación da obra “*Asemblea xeral*”, unha obra escrita en castelán xunto á súa muller pero que foi adaptada ao galego.

Os encargados de poñela en escena foron o grupo Sarabela e o Centro Dramático Galego. (Destacar que Lauro Olmo, foi un dos renovadores do teatro español do século XX)

Fotos: Arriba: Lauro Olmo, Lola Riobó, Pilar Enciso e Quique Abati na lanterna do Faro.

Abaixo: Lauro Olmo. <http://yovivoenella.blogspot.com/>



AS ROCHAS DA PARTE LESTE DE ONS, SEN VIDA 29/05/2022

Dous estudos de Illas Atlánticas conclúen que a extracción de mexilla empobrece as rochas


Con ese título publicábase na Voz de Galicia un artigo de Rosa Estévez. Preguntaban se a actividade de extracción de mexilla tiña algunha repercusión sobre o resto de poboadores do intermareal rochoso das illas do Parque.

O Parque decidiu investigar, tamén porque dende varias asociacións, entre as que está Pineiróns, facíanlle a mesma pregunta nos diferentes informes que enviaban anualmente. Dixeron que nos anos 2018 e 19 publicáronse dous informes sobre este tema, con datos que obtivo a Universidade da Coruña e o Instituto Oceanográfico de Vigo.

Dos datos obtidos sacaron que: “*la recolección de semilla de mejillón se concentra en individuos pequenos, que forman una suerte de manchas densamente agregadas cuya retirada supone también la de «cualquier otro organismo» que allí viva*”.

Ben, neste intre, aínda non sabemos as medidas que se van tomar, tampouco temos claro que ese sexa o problema da desaparición de vida mariña das rochas de Ons na súa parte leste que, como xa temos indicado, uns achacaban aos produtos de limpeza do chapapote do Prestige, outros a extracción de mexilla,...., e os que máis ao mal funcionamento da depuradora de Ons.

Seguiremos á espera do que digan os técnicos, pois dende a Consellería de Medio Ambiente, dan a calada por resposta.



CONTOS DE TABERNA

AS VARILLAS DE MANZANITAS

Aínda que moitos desconfiarán, as historias de “Manzanitas” en Ons son reais e farían falla moitos Onstopus para reflectilas todas. Estas, que hoxe vou contar, saíron por casualidade na mesa da partida despois de que a un dos participantes escapáraselle unha ventosidade.

A partida xa rematara, e cando estaban a recoller as fichas, unha caeu ao chan. Xan, agachouse para collela. Ao dobrarse, fixo forza no ventre e soltou unha flatulencia. Menos mal que só foi sonora, aínda que iso non o librou de que Arturo lle dixera. – Tiraches un peido, porco!! Ao que Xan contestou: - *Como din os cataláns, se me caería que eu tirar non tiro nada.*

Ese foi o motivo para que comezaran a falar de Manzanitas que, con respecto ás flatulencias, non se cortaba un pelo.

Dixo Antonio: “... Manzanitas era tremendo. Acórdome un día na terraza do Gharulo, na esquina onde debaixo vende Choto os colares. Pois alí, onde a de Choto, o Acuña tiña as caixas baleiras das bebidas e despois en capachos levaban as botellas. Cando había moitas, ía un empregado a encher as caixas coas botellas baleiras. Pois ben, estaba Manzanitas arriba e, de súpeto, mandou un peido, que co estrondo, a onda expansiva fixo que se acendera o Faro antes da hora. O rapaz que estaba a encher as caixas, dixo: - *Ehhh!!! Que estou eu aquí!!!* Manzanitas mirou para el e espetoulle: - *Non che daría, non?* Teo que rapaz contestou: - *Non, pero case, carallo!!!* Manzanitas co seu fino humor soltoulle: - *Pois logo, fai favor, vai buscar a varilla.*

Como sabedes os rapaces, cando había fogos nas festas, ían na procura das varillas destes para logo xogar con elas.

Á cuadrilla que estaba con el, fíxolle tanta gracia, que a partires daquela ás flatulencias, chamábanlle <varillas>, e ata un pequeno camiño que quedaba preto do apartamento onde vivían os seus amigos, puxéronlle: *Avenida das Varillas*, pois con disimulo, ou sen el, cando a algún as tripas pedían auxilio, era alí a onde se dirixían para salvas.

A coña das varillas non quedou aí. A Manzanitas gustoulle tanto a idea do novo nome que un día comentou: - *Ao mandar unha varilla, se fai só ruido, é varilla de palenque e se cheira, é varilla de lucería.”*

Lúis, que estaba a escoitar e coñecía ben a Manzanitas, comentou: “Cala, falando de palenque. Un día o Manzanitas saía da habitación que alugara na do Gharulo e viña discutindo coa noiva. Ao chegar canda nós, un díxolle: - *Pero xa de mañá enfurruñados.* A rapaza, un pouco anoxada, contestou: - *Pero mira que é porcallán, levantouse, foi ao baño e mandou un peido que ata os da habitación de ao lado berraron: - Oleeeee!!!*

Manzanitas, con ese sorriso pícaro que o caracterizaba, espetoulle: - *Mira, pola mañá, unha meadiña sen peido e como unha festa sen fogheteiro”.*



CESÁREO, ÚNICO

Despois dos malos momentos vividos por Cesáreo o pasado ano, de novo está na Illa.

Como sabedes, é dous poucos que pasa todo o ano en Ons e ten que buscarse a vida.

É o único que ten dorna e, ao non haber na Illa quen lle poida axudar para subila pola area da praia, ideou un aparello, cabrestante, co que, el só, pode subir a dorna sen problema, poñendo unhas táboas na praia para que, ao arrastrala, non se afunda na area.

Un auniense digno de protagonizar un libro.

MARÍA DO CAÑO e TINÓN

Este pasado sábado día 18 tiveron a oportunidade de charlar con María do Caño, que non dubidou en sacar o caderno e ensinarme unha boa cantidade de notas que ten sobre cantigas populares de Ons e ata cantar algunha delas.

O motivo de estar pola Illa ese día non era outro que o bautizo, na igrexa de Ons, do seu bisneto, fillo do seu neto Alex. Un interesante acontecemento tendo en conta que facía case 30 anos que non había bautizos en Ons.

BAUTIZO NA IGREXA DE ONS

Non sería unha noticia, se non fora porque hai preto de 30 anos que Mino e Marí, donos do chiringuito de Area dos Cans, bautizaban alí á súa filla Eva, facendo de padriños Juanjo e Malena, e que, á súa vez, quizais máis de 40 anos que, dende aquela, non había unha celebración semellante na igrexa de Ons.



FOTOS.

Esquerda de arriba abaixo:

- O párroco, Josecho, bautizando a Unai.
- Outro momento da cerimonia.
- O padriño, Manuel Ángel, co neno.

Dereita, de arriba abaixo

- Arturo, o avó, co neno antes de bautismo.
- Foto de familia ao remate

Bautizo de Unai, fillo de Alex e Carla, sendo os padriños Manuel Ángel e Bea.



Ons, antes do verán 2022




POSTO PRIMEIROS AUXILIOS PERMANENTE

Esperamos contar este verán co Posto de Primeiros Auxilios e que este sexa de xeito Permanente como así levamos os dous últimos anos patrocinado polo Parque.

CENTRO VISITANTES

Que o espazo que albergaba un modelo de aula escolar dos anos 50 s.XX, teña unha ampla exposición etnográfica.



CENTRO VISITANTES

Aproveitando, se é certo, a inversión prometida polo actual Presidente Alfonso Rueda, podería ser un bo momento para a ampliación cara ao patio grande do Centro, dun espazo protexido para elementos voluminosos (dorna, carro, Laxe do Crego,...) con facilidade de entrada polo portalón do patio e cuxa inversión non superaría os 70.000 € e redundaría moi favorablemente nas exposicións do Centro.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/38/onstopus-38.pdf>



CAMPOS DE VOLUNTARIADO

Un ano máis Ons non contará cun Campo de Voluntariado, como si terá Cíes. Por que esa discriminación cara a Ons?

PASARELA BAIXADA Á PRAIA DE AREA DOS CANS

Esta pasarela necesita unha importante remodelación. Xa houbo que gastar moito nela e coído que esa madeira non é a adecuada para a zona, pola humidade e as inclemencias meteorolóxicas. Os técnicos deberían buscar unha solución adecuada.



PRAIA DE AREA DOS CANS, SEN BANDEIRA AZUL

Un ano máis esta praia de Ons queda sen tan sequera ser solicitado polo Concello de Bueu este distintivo Medio Ambiental. Que pena!!!

